

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 12.04.2019      Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 48415 (10/CPC-000102)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos,  
por petición propia, para informar sobre a situación da débeda de Galicia, a  
raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 42322 (10/POC-006602)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e  
o cumprimento do Goberno galego das demandas ao respecto emanadas da  
Cámara galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019*
- 2.2 47872 (10/POC-007606)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre as declaracións do presidente dun partido político referidas á  
proposta de blindaxe fiscal do aforro para favorecer, mediante a baixa de  
impostos, o emprendemento e a creación de riqueza por parte da sociedade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 2.3 48074 (10/POC-007641)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Puy Fraga, Pedro e 6 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos no  
informe do Ministerio de Facenda correspondente ao mes de decembro de  
2018, referidos aos prazos de pagamento aos provedores e á débeda  
comercial das comunidades autónomas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*
- 2.4 48214 (10/POC-007659)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia



Sobre as razóns dos resultados referidos a Galicia reflectidos no informe da fundación COTEC denominado "Mapa do talento"; as da falta de innovación das empresas e as do desaxuste entre a I+D e a innovación, así como respecto dos plans desenvolvidos pola Xunta de Galicia ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## Vogais

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**



**Orde do día**

1.1 48415(10/CPC-000102)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, por petición propia, para informar sobre a situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos- do director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, para informar sobre "A situación da débeda de Galicia, a raíz dos datos publicados recentemente polo Banco de España".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Audiopar: GARCIA SIENORANS ALVAREZ, BLANCA  
Data e hora: 01/04/2019 13:20:43

CVE: s14j4o0m5j  
Validador: https://sede.xunta.gal/cve



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 12.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 42322(10/POC-006602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e o cumprimento do Goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega

*Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2019 11:09:25  
**Nº Rexistro: 42322**  
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e ao cumprimento do goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega.

O económico é un dos aspectos máis relevantes na desigualdade que sofren as mulleres na sociedade actual, que pode identificarse en múltiples aspectos. Para alén de discriminacións como a desigualdade salarial, o feito de representar unha maior ocupación das xornadas parciais e das dificultades no acceso á vida laboral, hai unha desigualdade económica menos visíbel a través dos produtos no mercado coñecidos como de hixiene íntima e que ten sido popularizada como “taxa rosa”.

Cada muller, ao longo da súa vida, ten que empregar na idade fértil diferentes tipos de produtos durante a menstruación. Porén, lonxe de ter un Imposto sobre o valor engadido reducido, como sería lóxico dun produto de emprego básico e practicamente imprescindible, é elevado e incrementa de maneira importante o custo da bolsa da compra. Acrecenta, polo tanto, unha desigualdade entre mulleres e homes, que non sofre outros produtos básicos, afondando nunha diferenza biolóxica e contravindo o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.

Cómpre recordar que na IX lexislatura, a iniciativa da deputada do Grupo Parlamentario Mixto Dona Carmen Iglesias Sueiro, o Pleno do Parlamento Galego





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2019 11:09:25**  
**Nº Rexistro: 42322**  
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

aprobou o 24 de febreiro de 2016 unha Proposición non de lei sobre as demandas que debía realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se estaba a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina co seguinte acordo: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais. Porén, pasados anos deste acordo, non houbo mudanzas.

As mulleres galegas seguimos sufrindo a carga impositiva abusiva por parte do goberno central malia que tamén no Congreso dos Deputados se teñen aprobado iniciativas semellantes. Por mor desta situación, diante da pasividade do goberno galego diante desta cuestión, e tamén porque a inexistencia dunha facenda propia galega impide facer esta mudanza desde as nosas competencias, o Bloque Nacionalista Galego reiterou no Parlamento Galego na XI esta demanda, xunto con outras relacionadas. Desta forma, A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 16 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos, por unanimidade e sen modificacións:

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10 % ao 4 %.
2. Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda.
3. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, a divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude.»

CSV REXISTRO: N/Aen3bw6-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2019 11:09:25**  
**Nº Rexistro: 42322**  
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

En xuño de 2018, iniciado xa o novo goberno do Estado coa presidencia de Pedro Sánchez, foi anunciada a intención de estudar esta cuestión. Porén, pasados uns meses do anuncio non observamos ningunha novidade, mentres outros IVE, como o do cinema, si foron rebaixados.

Diante desta situación de discriminación cómpre que desde o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza se esixa ao goberno central unha rebaixa que, neste momento económico de aumento da recadación e contando con consenso político, debera ser posta en práctica sen máis dilación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Considera a Xunta de Galiza xustificada que o goberno central non tome en consideración a demanda de que as mulleres non sigamos pagando un abusivo 10% de IVE polos produtos de hixiene íntima?

-Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza para dar cumprimento aos acordos parlamentares? Cantas veces e con que contido se dirixiu ao goberno central no que vai de lexislatura a respecto desta cuestión? Transmitiu ou transmitirá o señor Feijoo ao señor Sánchez a importancia desta cuestión?

-Cando entregará o informe comprometido?

-Que ten feito o goberno galego para dar cumprimento á divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude?

CSX4 REGISTRO-Nº4en3bw6-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2019 11:09:25**  
**Nº Rexistro: 42322**  
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

-Cantas e con que contido se desenvolveron? Que folla de ruta seguirá ao respecto?

-Ten previsto medidas para favorecer o acceso a este tipo de fórmulas? Cales?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:08:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:08:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:08:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:09:01**

CSV: REXISTRO-NinAen3bw6-8  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2019 11:09:25**  
**Nº Registro: 42322**  
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

**Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:09:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:09:04**

CSV REGISTRO N/Aen5bw6-8  
Verificar  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 47872(10/POC-007606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as declaracións do presidente dun partido político referidas á proposta de blindaxe fiscal do aforro para favorecer, mediante a baixa de impostos, o emprendemento e a creación de riqueza por parte da sociedade

*Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019*



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O pasado 3 de marzo, en Alcalá de Henares, na presentación dos candidatos do PP, o presidente do Partido Popular, o Sr. Pablo Casado, anunciou: “Mientras otros insultan, el PP hace propuestas que solucionan los problemas reales, como la del blindaje fiscal al ahorro”

Na páxina *web* do Partido Popular hai unha nova, cunha foto do Sr. Pablo Casado e o presidente Feijóo, na que se explica en que consiste esa “blindaxe fiscal do aforro” que se presenta como unha “propuesta de revolución fiscal para que, mediante la bajada de impuestos, se favorezca el emprendimiento y la creación de riqueza por parte de la sociedad”, proposta que se materializaría na baixada do IRPF por debaixo do 40 %, na baixada do Imposto sobre sociedades por debaixo do 20 %, a eliminación dos impostos do patrimonio, de sucesións e doazóns e actos xurídicos documentados.

Á vista destas declaracións, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego destas declaracións do presidente do Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2019 18:30:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2019 18:30:09**





**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 48074(10/POC-007641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos no informe do Ministerio de Facenda correspondente ao mes de decembro de 2018, referidos aos prazos de pagamento aos provedores e á débeda comercial das comunidades autónomas

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2019 13:52:20  
**Nº Rexistro: 48074**  
Data envío: 22/03/2019 13:52:20.680

## Á Mesa do Parlamento

**Pedro Puy Fraga, Marta Nóvoa Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Río e Sandra Vázquez Domínguez**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos.**

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto período medio de pago como expresión do tempo de pago da débeda comercial. O Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha aposta firme e decidida por axilizar os prazos de pagamentos aos seus provedores como medio para evitar os problemas de liquidez das empresas que prestan os seus servizos na Administración galega.

Así os datos publicados polo Ministerio de Facenda mensualmente sobre o pago a provedores veñen reflexando que Galicia lidera as Comunidades que mellor pagan as súas obrigas ademais de manter uns niveis moi reducidos de débeda comercial, axilizando os pagos e evitando problemas de liquidez ás empresas que prestan servizo á Administración galega.

Polo anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que valoración fai o Goberno do datos incluídos no informe de decembro do 2018 sobre o prazos de pago a provedores e débeda comercial das comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 22 marzo de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSM-1UG-001071XEB  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2019 13:52:20  
Nº Rexistro: 48074  
Data envío: 22/03/2019 13:52:20.680**

**Pedro Puy Fraga na data 22/03/2019 13:49:29**

**Marta Novoa Iglesias na data 22/03/2019 13:49:59**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 22/03/2019 13:50:11**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/03/2019 13:50:24**

**Gonzalo Trenor López na data 22/03/2019 13:50:37**

**Paula Prado Del Río na data 22/03/2019 13:51:02**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 22/03/2019 13:51:18**



CSX: KCG:mp1XEG

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 12.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 48214(10/POC-007659)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as razóns dos resultados referidos a Galicia reflectidos no informe da fundación COTEC denominado "Mapa do talento", as da falta de innovación das empresas e as do desaxuste entre a I+D e a innovación, así como respecto dos plans desenvolvidos pola Xunta de Galicia ao respecto

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/03/2019 10:55:25  
Nº Rexistro: 48214  
Data envío: 28/03/2019 10:55:25.581



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

Resulta ben coñecido que España sitúase por debaixo da media europea na maioría de actores que analizan os sistemas de innovación. Concretamente a Comisión Europea a través do seu informe anual titulado *European Innovation Scoreboard* e para o seu último ano de publicación 2018, España é considerada unha *Moderate Innovation Nation*, isto é, dos catro niveis que miden o grao de desenvolvemento do sistema de innovación dun país, España estaría no penúltimo nivel e compartindo praza cos países do este europeo.

Mais o problema agrávase para Galicia, xa que se sitúa por debaixo da media española en practicamente todas as variables que miden o desenvolvemento dun sistema de innovación.

O informe de Fundación COTEC para a innovación, vén de publicar o denominado "Mapa del Talento" no que se analizan as diferenzas entre as Comunidades Autónomas para xerar, atraer e reter oportunidades de negocio. O ranking sitúa a Galicia como a sexta comunidade coa peor puntuación; Galicia, tamén nesta análise, volve a ser a única Comunidade Autónoma do norte de España que se atopa no mesmo nivel que as Comunidades Autónomas do sur xa que a súa puntuación neste mapa é similar á presentada por Andalucía, Extremadura, Castela a Mancha, Murcia e Canarias.

CSX-0DCE09CE99  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





Aínda que nun número reducido de variables Galicia non ocupa unha mala posición, como o nivel de educación ou o número de matriculados en FP, o certo é que noutras variables, especialmente aquelas que son clave para o desenvolvemento dun sistema rexional de innovación, o noso territorio ocupa as últimas posición e a unha distancia moi considerable dos postos mais altos. Galicia sitúase á cola cun menor uso da innovación polas empresas, a I+D non se traduciría en mais patentes, novos produtos ou exportacións de alto valor engadido.

Así pois, Galicia obtería un mala puntuación nas variables definida no mapa do talento como “facilidades”, a cal faría referencia á calidade do entorno para a creación e desenvolvemento de novos negocios e “coñecemento”, a cal fai referencia á innovación empresarial.

Ante os exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cal é a explicación da Xunta ante os resultados de dito informe?
- 2.ª) A que se debe segundo a Xunta a falta de innovación das empresas en Galicia?
- 3.ª) A que se debe o desaxuste entre a I+D e a innovación?
- 4.ª) Ten desenvolvido algún plan a Xunta para impulsar a innovación nas empresas galegas?
- 5.ª) No caso de existir, cales son eses plans?
- 6.ª) Que entende a Xunta por sistema rexional de innovación?
- 7.ª) Pensa a Xunta que cos recursos actuais dedicados á I+D+i pode Galicia seguir avanzando nesta area?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/03/2019 10:55:25**  
**Nº Rexistro: 48214**  
Data envío: 28/03/2019 10:55:25.581



Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2019 10:54:29**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 28/03/2019 10:54:36**

CSV: CID:259:0ea9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

